

## ANEXO VIII

## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE SOCIO TRABALLADOR

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ART. 13º E 16º)  
(INDÍQUESE CUN X A QUE SE PRESENTA)

- DNI E NIF DO SOLICITANTE (ART. 13º).
- SE É O CASO, DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PERANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS NO MODELO DE SOLICITUDE ANEXO IX (ART. 13º E 16º).
- SE É O CASO, AUTORIZACIÓ SEGUNDO MODELO ANEXO X (ART. 13º).
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓ DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO ANEXO XI (ART. 13º).
- CERTIFICACIÓ DE INCORPORACIÓ E DOCUMENTOS DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL (ART. 13º).
- DOCUMENTACIÓ ACREDITATIVA DOS PERÍODOS DE INSCRICIÓ COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA DE EMPREGO, E DO TEMPO DE PERMANENCIA NO PARO SEGUNDO OS DATOS DO INFORME DA VIDA LABORAL NA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (ART. 13º).
- SE É O CASO, DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA CONCORRENCIA DAS CIRCUNSTANCIAS RECOLLIDAS NO ARTIGO 5º (ART. 13º):
  - MENOR DE 25 ANOS QUE NON TIVISEN ANTES UN PRIMEIRO EMPREGO FIXO REMUNERADO.
  - MENOR DE 30 ANOS INCORPORADO AO PLAN LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA.
  - DESEMPREGADOS MAIORES DE 45 ANOS.
  - PERCEPTORES DA PRESTACIÓ DE DESEMPREGO NA SÚA MODALIDADE DE PAGAMENTO ÚNICO.
  - MULLER QUE SE INCORPORE TRAS UNHA AUSENCIA DO MERCADO DE TRABALLO DE 24 MESES.
  - MULLER QUE SE INCORPORE EN PROFESIÓNS OU OCUPACIÓNS CON MENOR ÍNDICE DE EMPREGO FEMININO.
  - MULLERES TITULARES DE FAMILIAS MONOPARENTAIS E CON CARGAS FAMILIARES.
  - MULLERES MAIORES DE 25 ANOS E MENORES DE 45.
  - DESEMPREGADOS QUE REALIZASEN CURSOS DE FORMACIÓ OCUPACIONAL DO PLAN FIP (NOS DOUS ANOS ANTERIORES OU NO ANO DA SOLICITUDE).
  - PARTICIPANTES EN PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO OU CASAS DE OFICIOS OU EN OBRADOIROS DE EMPREGO (NO ANO DA PRESENTACIÓ DA SOLICITUDE OU NOS DOUS ANOS ANTERIORES) OU EN PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO (NO ANO DA PRESENTACIÓ DA SOLICITUDE OU NO ANTERIOR).
  - DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓ.
  - DESEMPREGADOS CON DISCAPACIDADE CUN GRAO DE MINUSVALIDEZ NON INFERIOR AO 33% (SÓ SE TERÁ QUE PRESENTAR O CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ CANDO FOSE EXPEDIDO POR UNHA ADMINISTRACIÓ DISTINTA Á DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA) (DISPOSICIÓ ADICIONAL 5º).
  - DESEMPREGADOS EN RISCO DE EXCLUSIÓ SOCIAL.
  - DESEMPREGADOS POR MOR DALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NOS ARTIGOS 50, 51, 52 b) E c), 49 ,1º g) DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
- CERTIFICACIÓ DA CONTÍA DA CONTRIBUCIÓ INICIAL PARA ADQUIRIR A CONDICIÓ DE SOCIO TRABALLADOR (ART. 13º).
- DOCUMENTACIÓ ACREDITATIVA DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS OU AUTONÓMICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE NINGUNHA OUTRA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓ PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (ART. 16º).

\* A documentacIón exixida no artigo 13º ten que presentarse xunto coa solicitude.

\* A documentacIón exixida no artigo 16º é necesaria para proceder ao pagamento da subvencIón; non obstante, e para axilizar a tramitacIón do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude á opci3n do interesado.

## PRAZOS PARA A PRESENTACIÓ DAS SOLICITUDES

- AS SOLICITUDES DE AXUDAS DEBERÁN PRESENTARSE NO PRAZO DE TRES MESES DESDE A DATA DA ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL (ART. 5º).
- EN TODO CASO, O PRAZO XERAL PARA A PRESENTACIÓ DE SOLICITUDES REMATA O 30 DE SETEMBRO DE 2005, AÍNDA QUE NESTA DATA NON TRANSCORRESE O PRAZO ESPECÍFICO ESTABLECIDO PARA CADA TIPO DE AXUDA.
- AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES REALIZADAS CON ANTERIORIDADE Á DATA DE ENTRADA EN VIGOR DA ORDE SOLICITARANSE RESPECTANDO OS PRAZOS, REQUISITOS E CONDICIÓNS DA ORDE DO 25 DE MARZO DE 2004, NOS ANEXOS CORRESPONDENTES A ESA ORDE.

## ANEXO IX

## DECLARACION EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/Dª \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_, en calidade de \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

## AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun x o que proceda

## AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun x o que proceda

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(Sinatura e selo da entidade)



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,  
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*ANEXO X*

EXPEDIENTE
------------

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO <b>AUTORIZACIÓN</b>
--------------	------------------------	----------------------------------

D/D*	DNI
EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE	NIF/CIF
EN CALIDADE DE	

**AUTORIZO:**

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: \_\_\_\_\_

*ANEXO XI*

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

**FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA**

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE (INDICAR C.P.)			TELÉFONO
<b>DATOS DA CONTA</b>			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
BANCO			
ENDEREZO		C.P.	LOCALIDADE

**CERTIFICO:**  
 Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

SINATURA DO SOLICITANTE SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

*Orde do 9 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, cuxo exercicio lle corresponde hoxe en día á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ao abeiro do disposto no Decreto 301/2004, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica desta.

A posta en marcha do programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais constituíu un paso cualitativo nas actuacións das políticas activas da Xunta de Galicia, dirixidas ao fomento da creación de postos de traballo baseados, neste caso, na introdución de novos procesos ou produtos no mundo empresarial e no uso intensivo da tecnoloxía.

Aquelas entidades galegas en que se desenvolven traballos de investigación, e moi especialmente no ámbito universitario, son un valiosísimo recurso que debe ser aproveitado para a posta en marcha de iniciativas empresariais de alto valor engadido que sexan capaces de xerar riqueza e emprego de calidade. Este tipo de proxectos ten unha importancia moi significativa en rexións como Galicia, xa que ofrece a oportunidade de prosperar na nova economía do coñecemento mediante a utilización intensiva deses dous factores que son a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Nesta estratexia o programa de apoio ás IEBT configúrase como un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora no trinomio investigación, tecnoloxía e emprego, para aproveitar o potencial de investigadores e titulados universitarios, principalmente, que pretendan xestionar o seu propio negocio, e propiciar a transferencia do amplo coñecemento creado, principalmente, en universidades e centros de investigación, en proxectos xeradores de novas actividades e novos postos de traballo.

A estrutura normativa deste programa desenvólvese en dúas ordes: a Orde do 23 de febreiro de 2001 (DOG nº 47, do 7 de marzo) pola que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica e se regulan os instrumentos e mecanismos de apoio e de avaliación técnica, así como os requisitos e condicións que deben reunir os proxectos e o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro de IEBT, e a orde que regula as bases e a convocatoria anual do réxime de axudas económicas dirixidas ás IEBT.

Co obxecto de promover a creación de novos empregos, este programa establece un incentivo por cada emprego creado, graduándose a súa contía en atención á existencia de determinados gastos.

Nesta orde fíxanse as bases reguladoras do réxime de axudas económicas dirixido ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, que se axusta ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecido na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os vindeiros anos, as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos proxectos orzamentarios xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio correspondente. Para o exercicio 2005 a dita determinación recóllese na disposición adicional sexta da orde.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

*DISPOÑO:*

#### Capítulo I Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas previamente cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, coa finalidade de impulsar e facilitar a posta en marcha de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante o financiamento parcial dos custos necesarios para a creación de emprego en proxectos empresariais innovadores de contido científico e/ou tecnolóxico, previamente cualificados como IEBT e inscritos no rexistro administrativo habilitado para o efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en virtude do establecido na Orde do 23 de febreiro de 2001 pola que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e proceder á súa convocatoria para o ano 2005.

2. As solicitudes, tramitación e concesión desta axuda axustarase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e nesta orde.